



O medio

natural

engancha



1 Rápidos das Pías

Velocidade e turbulencia nos ríos

Transcorre o río Tea con relativa calma no seu curso medio. Nas súas beiras, xa dilatadas e cumpridas de auga, medra un fermoso bosque atlántico de ribeira, tras o depósito dos sedimentos que vai arrastrando.

Máis o bulicio das augas medra e alértanos de que algo acontece. Acentúase a pendente; aumenta a velocidade da auga e xorden afloramentos graníticos no leito do río. A auga salva as primeiras penas, conforma unha fermosa praia, e sen tregua, bota contra todas as rochas. As augas vólvense bravas. Salta en burbullas de ar que branquean o leito do río e modela, de xeito caprichoso o granito nos seus puntos débiles, formando fermosas pías...

Mentres, os amieiros, carballos e salgueiros negros contemplan desde a beira esta fermosa imaxe axitada.



2 Castro de Troña

A cultura castrexa

No Noroeste ibérico vai rematando a Idade de Bronce (S. IX-VIII a.C.) e mentres os pobos manteñen relacións con outras culturas atlánticas e centroeuropeas, xorden novos contactos coa cultura de Hallstatt (Centroeuropa) e novas influencias mediterráneas. Sobre esta base diversa orixínase a Cultura Castrexa.

Os asentamentos proporcionan gran información sobre a economía, arte, organización socio-política, relixión, Ben de Interese Cultural, a forma oval deste castro cristianizado, con construcións de plantas circulares, cadradas, rectangulares ou elípticas, reflicten diversas fases de construción; vestixios de lareiras; vestíbulos variados; muralla, foxo e parapetos; torre ou abondosos achados tales coma fíbulas, muíños naviculares, moedas de bronce, fragmentos de ánforas, corroboran a densidade poboacional do Castro de Troña, un belo exemplo que nos introduce na vida cotiá da cultura castrexa entre o S. VI a.C. e o S. II d.C.



3 Petróglifo da Serpe

As gravuras rupestres

Estas insculpturas gravadas ao ar libre sobre a rocha e espalladas por todo o planeta desde o Paleolítico Superior ate o século pasado, son símbolos previos á escritura.

Os petróglifos galegos, dotados na Idade dos Metais (Cobre e Bronce) no III-II milenio a.C. constitúen un dos referentes europeos máis interesantes e conforman o Grupo Galaico de Arte Rupestre.

As formas xeométricas son as máis comúns e así aparecen círculos concéntricos, espirais, labirintos e coviñas cuxa interpretación aínda hoxe é incerta. As formas naturalistas priman a cérvidos, cabalos, escenas de caza... Entre elas, escasa, a controvertida figura da serpe. Petróglifo relevante dada a escaseza deste motivo no Grupo Galaico, A Serpe de Troña, aparece en posición heráldica, no lateral dunha rocha-ara con canle central superior. Fecundidade? Inmortalidade? Saúde? Sabedoría? As mitoloxías ofrecen múltiples interpretacións.



4 Os penedos da Picaraña

Xeomorfoloxía na Picaraña

24 bloques graníticos arredondados de grandes proporcións en encosta conforman o gran conxunto xeomorfolóxico dos Penedos da Picaraña. En orixe, a gran rocha nai, estruturada nas diversas capas da litosfera, ao aflorar á superficie terrestre, comeza a dilatación, fractura, desintegración e cambio da súa cor, textura, composición e firmeza. Así, factores físicos (cambios de presión e temperatura), químicos (hidrólise, oxidación), e biolóxicos (aparición de vexetación) son os responsábeis da aparición destas rochas corpudas de formas caprichosas cuxa observación provoca sorpresa e fai ferver a imaxinación das persoas que se achegan.

A Pena do Equilibrio e a Pena dos Namorados son as máis relevantes.



5 A Ponte de San Roque

A historia

Formaba parte dun antigo camiño real que unía o sur de Galiza coa Meseta, mais, a Comarca do Condado está ategada de pegadas históricas. Vestixios romanos e achegas documentais indican que Pontearreas puido ser o paso dalgunha vía romana. Así, a romanización aproveitaría o vao areeiro do río Tea para a construción dunha ponte. Máis, posiblemente, a ponte non resistiu as fortes enchentes do Tea e construíuse outra na época baixo-medieval (S. XIV-XV).

Robusta, de cachotaría de granito, estruturada en 4 arcos, 2 semicirculares e 2 lixeiramente apuntados, e 2 grosos tallameres contracorrentes, esta ponte posúe un significado singular pois é a que orixina o nome da vila de Pontearreas.



Pontearreas é unha vila situada no sur de Pontevedra, entre as Rías Baixas e Portugal, enclavada no val do Río Tea, un dos afluentes do Río Miño.

Pontearreas-Santiago

A catedral do apóstolo

A ruta máis rápida, aínda que inclúe algunha peaxe, é dirección Vigo/AP-9/ Pontevedra, 115km, 1h. 26 min.



6 Río Tea

Vértex do territorio

Entre as serras do Suído e Faro de Avión nace un río. Através a bisbarra do Condado. 50km. de vida, cun caudal de auga xeneroso. Encaixado no curso alto, aberto e pleno nos cursos medio e baixo. Dálle as súas augas ao Miño. Mais antes, o Alén, O Xabriña, afluentes conspicuos de belos bosques, e logo o sombrizo Uma enriquecen ao gran Tea.

Acubilla 12 Ecosistemas de Interese Comunitario entre os que salientan os belos e escasos Bosques aluviais de amieiros e freixos, as culturais Carballeiras galaico-portuguesas ou os singulares bosques de encostas con gran diversidade de especies. 23 especies protexidas do Anexo II da Directiva 92/43 da CEE, de flora (*Woodwardia radicans*), especies mamíferas (*Lutra lutra*, *Galemys pyrenaicus*), invertebradas (*Lucanus cervus*, *Cerambyx cerdo*), anfíbios (*Chicoglossa lusitana*) ou peixes (*salmo salar*, *petromyzum marinus*). Así, as súas paisaxes fluviais reflicten o seu elevado valor ecolóxico.



7 Alto de San Cibrán

A sustentabilidade

Logo dos Muíños do Couso e cara a estrema entre Pontearreas e Salceda de Caselas, o terreo gaña altura, vólvese outeiro. A 425 m. a vexetación escasea e o mato prospera; as incipientes repoboacións arbóreas rectificaran isto no futuro. E se na aba do cotarelo salientan as penas máis pequeñas, no seu bico, grandes penedos, situados a pouca distancia entre eles e ligados por restos de cachotaría nalgúns tramos, revelan a existencia dun vello parapeto de estrutura simple, adaptado ao terreo, con dilatado espazo interior que domina un vasto territorio.

Velaquí, unha nova mostra dun xacemento arqueolóxico singular cuxa ocupación, dados os poucos vestixios atopados, sitúan con cautela entre finais da romanización (S.V a.C.) e a alta Idade Media (S.X a.C.). As estruturas posteriores do espazo, ermida e cruceiro, fan parte da miscelánea que a historia proporcionou a estes peculiares cumios ao longo dos séculos, reconvertendo os seus usos, hoxe na forma de festa e romaría de San Cibrán.



8 Río Uma

Un afluente sombrizo

O seu nome provén da voz hidronímica prerromana Um- cuxo significado é "auga". Tributario do Tea pola marxe dereita, os seus bosques de ribeira teñen no amieiro á súa árbore insigne. Por momentos, as follas das pólas dos amieiros de ambas as dúas beiras bícanse na súa parte máis alta e conseguen ambientes sombrizos e húmidos no seu interior, só habitados por especies que sobreviven nestas escasas condicións de luz, tales coma as lianas, briófitas e pteridófitas. Engalana e enriquece estas comunidades vexetais a presenza común doutra árbore, o pradario, máis achegada, xeralmente, á media montaña. Velaquí, o Uma, valor ambiental e estético e escenario vivencial do Seraogna de Pexegueiro.



9 Ponte das Partidas

A ponte das tendas

Catalogada Ben de Interese Cultural, a súa historia vai ligada á das outras catro pontes sobre o Tea. De enxeñaría medieval, mestura as modificacións sufridas nos S. XV-XVI cos vestixios probabelmente romanos dos pequenos vertedoiros dos extremos.

Con rampla inclinada nas dúas vertentes de 41 metros de longo e 4 de ancho, consta de catro arcos de cantaría; os dous centrais apuntados e os dous laterais de medio punto. Incisivos tallameres e robusto peitoril granítico.

Dado que desde acó, se partía en múltiples direccións, a orografía que a circunda xustificou a aparición de diversas historias, inseridas neste local de gran amplitude fluvial e cinguida dun gran bosque de ribeira de amieiros e freixos.



10 Os muíños de Couso

O aproveitamento da auga

Baixa cantareiro o pequeno regueiro de Couso con augas rápidas, salvando fortes desniveis; os muíños situados en declinio, semellan falar uns cos outros e crean un ecosistema etnográfico de gran valor. Muíños de rodicio, muíño de bruia.

A moenda e a muiñada. A fariña milla e o óleo. Tempos de vagar. Tempos de espera. E, nas beiras do camiño, do regueiro e dos muíños, os esfagnos pousan sobre os salgueiros negros; as violas tapizan os pequenos croios; fentos machos ben desenvolvidos nos noiros; e a hedra colonizando, eternamente, horizontal e verticalmente o territorio...

O medio

natural

engancha

PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA

A Perillana, 9 - 11

36860 Pontearreas

986 660 765 / 637 724 301

turismo@pontearreas.gal

www.pontearreas.gal

Coordenadas:

42° 10' 29.6" N 8° 30' 30.6" W

@visitPontearreas

Cultura e Turismo Pontearreas (@visit Pontearreas)

O medio

natural


engancha

PONTAREAS CONCELLO



O medio
natural
engancha

www.ponteareas.gal



11 CASTELO DE SOBROSO



12 CASTRO DA CROA



13 PRAIA FLUVIAL A FREIXA



14 SENDA DO TEA



15 O GALLEIRO



16 MUSEO MUNICIPAL



17 CITEA, CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO RÍO TEA